



Galicia dixital

O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2026



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia dixital O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2026

DESTACADOS



No 2024, Galicia mantén o quinto lugar do ránking estatal no número de empresas do Hipersector TIC




As 4.189 empresas galegas do Hipersector TIC supoñen o 4,8% sobre o total español de empresas tecnolóxicas e o 1,8% do total de empresas de Galicia.



No 2025, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 29.815 empregados/as cun crecemento do 2,5% dende o ano anterior.



O Hipersector TIC exportou máis de 207 millóns de euros no ano 2024.



No último ano o número de empresas do Hipersector TIC economicamente activas en Galicia foi de 4.189



ÍNDICE DE CONTIDOS

| | |
|---|----|
| INTRODUCCIÓN | 6 |
| 1. Demografía empresarial e peso na economía galega | 8 |
| 2. Emprego | 26 |
| 2.1 Emprego por provincias | 27 |
| 2.2 Emprego por áreas de actividade | 29 |
| 2.3 Emprego segundo o xénero | 32 |
| 2.4 Emprego por réxime de cotización | 33 |
| 2.5 Emprego por áreas comarcais | 35 |
| 3. Comercio exterior | 38 |
| 4. Innovación tecnolóxica | 43 |
| 5. Patentes | 56 |
| Anexo: Definición da áreas macrocomarcais | 58 |

INTRODUCCIÓN

A edición 2025 do informe do Hipersector TIC é elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

O Hipersector TIC comprende o sector TIC (Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) e o de contidos e servizos audiovisuais. Xoga un papel crucial no terreo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, ao ser provedor e demandante dos servizos e produtos tecnolóxicos e dixitais máis avanzados. O seu desenvolvemento vai ligado á dixitalización e modernización do país. Este informe elabórase grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio asinado coa Amtega. Tamén difunde información pública do INE e da Oficina Española de Patentes e Marcas.

As fontes principais son a Enquisa de Innovación nas empresas do INE, a Explotación do IGE da estatística do Directorio Central de Empresas do INE, a explotación estatística do IGE dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social e a explotación do IGE dos ficheiros de contas facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria (Comercio Exterior), as Estatísticas e I+D elaboradas polo IGE a partir de ficheiros elaborados polo INE (gastos e persoal en I+D) e explotación do INE do directorio de empresas e unidades locais e a EPA (Taxa de Actividade Emprendedora).

Nas estatísticas do DIRCE (número de empresas), en 2023 prodúcese un cambio na definición de "empresa" ao considerar só as "economicamente activas". Os datos máis antigos non son comparables, pero inclúense a título orientativo.

Ficha técnica

O informe do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades produtivas que conforman o Sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

As actividades que constitúen o Hipersector TIC descríbense tomando como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE.

Na táboa da dereita detállanse as actividades económicas incluídas, segundo a súa codificación no CNAE-09.

Táboa 1. CNAE-09. Hipersector TIC

| Sector TIC |
|---|
| 26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados |
| 26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos |
| 26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións |
| 26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo |
| 26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos |
| 46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións |
| 58.2 Edición de programas informáticos |
| 61.1 Telecomunicacións por cable |
| 61.2 Telecomunicacións sen fíos |
| 61.3 Telecomunicacións por satélite |
| 61.9 Outras actividades de telecomunicacións |
| 62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática |
| 63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web |
| 95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación |
| Sector dos contidos e medios de información |
| 58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais |
| 59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión |
| 59.2 Actividades de gravación de son e edición musical |
| 60.1 Actividades de radiodifusión |
| 60.2 Actividades de programación e emisión de televisión |
| 63.9 Outros servizos de información |



1 DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

O número de empresas do Hipersector TIC é de 4.189 no 2024


O directorio de empresas e unidades locais mudou a súa metodoloxía dende o ano 2023 e contabiliza só as empresas economicamente activas. Esta depuración da información provocou un descenso do número de empresas en 2023. Así, as comparacións cos anos anteriores ofrécense a título orientativo.

En 2024 volve o crecemento. Hai un total de 4.189 no Hipersector TIC. O 75,9% realizaban actividades no subsector TIC e o 24,1% no subsector de Contidos.

En 2024 o número de empresas crece o 2,2%. A análise dos dous subsectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 3.179 empresas, 71 máis que o ano anterior (+2,3%).
- O sector Contidos queda en 1.010 empresas en Galicia, 20 máis no último ano (+2,0%).

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2020-2024



Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.


Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2024 (Número de empresas)

| Sector TIC | |
|---|--------------|
| 26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados | 12 |
| 26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos | 27 |
| 26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións | 12 |
| 26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo | 7 |
| 26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos | 0 |
| 46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións | 260 |
| 58.2 Edición de programas informáticos | 46 |
| 61.1 Telecomunicacións por cable | 29 |
| 61.2 Telecomunicacións sen fíos | 21 |
| 61.3 Telecomunicacións por satélite | 4 |
| 61.9 Outras actividades de telecomunicacións | 143 |
| 62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática | 2.141 |
| 63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web | 197 |
| 95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación | 280 |
| Sector dos contidos e medios de información | |
| 58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais | 296 |
| 59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión | 534 |
| 59.2 Actividades de gravación de son e edición musical | 70 |
| 60.1 Actividades de radiodifusión | 46 |
| 60.2 Actividades de programación e emisión de televisión | 16 |
| 63.9 Outros servizos de información | 48 |
| TOTAL HIPERSECTOR TIC | 4.189 |

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de "Programación, consultaría e outras actividades informáticas" (CNAE 62) representan o 51,1% do total do Hipersector TIC no 2024. Dentro do subsector TIC o seu peso acada o 67,3%.

Dentro do Sector Contidos destacan as empresas de "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" (CNAE 59.1), que representan o 12,7% do Hipersector e as de "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" (CNAE 58.1), que representan o 7,1%.




Peso dos subsectores TIC

No 2024 a taxa de crecemento neto das empresas do Subsector TIC e do Subsector Contidos seguen a ser positivas

O peso porcentual das empresas do sector TIC é máis de tres veces superior ao de contidos en Galicia. Aumenta lixeiramente no último ano ata o 75,9% do total.

Gráfico 2. Evolución do peso do sector TIC e de contidos respecto do total do Hipersector TIC por número de empresas en Galicia



Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

A análise da evolución do peso dos principais subsectores amósanos que actividades informáticas (sector tic) e cinematográficas, de vídeo e programas (sector contidos) son os que teñen unha tendencia máis ascendente nos últimos anos. Baixou o comercio e edición de publicacións mentres a reparación de equipamentos, presentan tendencias variables ao longo do tempo.

Táboa 3. Peso dos principais subsectores de actividade do Hipersector TIC por número de empresas

| | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|---|-------|-------|-------|-------|-------|
| 62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática | 49,9% | 49,1% | 50,1% | 50,9% | 51,1% |
| 59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión | 10,6% | 11,5% | 12,2% | 12,6% | 12,7% |
| 58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais | 9,5% | 9,0% | 8,4% | 7,2% | 7,1% |
| 95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación | 6,3% | 7,0% | 6,5% | 7,0% | 6,7% |
| 46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións | 8,3% | 7,9% | 7,2% | 6,6% | 6,2% |

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Taxa de Actividade Emprendedora


A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) obtense a partir da porcentaxe de poboación activa nun sector que está dedicada a iniciativas emprendedoras. A mellora metodolóxica do 2023, fai que a serie histórica non sexa comparable, hai un salto de 2022 a 2023, os datos históricos débense considerar a título informativo.

Durante o ano 2024, o subsector TIC foi o que presentou unha TEA máis elevada, cun 4,9, medio punto máis que o ano anterior, mentres o subsector dos Contidos acada os 3,1 no último ano baixando tamén medio punto.

A taxa de actividade emprendedora no sector TIC continúa a ser superior á de contidos en 2024.



Gráfico 3. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2015-2024)



Fonte: IGE

Nota metodolóxica: en 2023 prodúcese un cambio na definición de “empresa” ao considerar só as “economicamente activas”. Por tanto a serie ráchase, o dato non é comparable, e aquí figuran na mesma gráfica a título orientativo.

Número de Empresas

No ano 2024, no conxunto de España, existen 86.769 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 79,8% pertence ao sector TIC e o 20,2% ao sector contidos, superando peso TIC sobre o total do caso Galego (75,9%) en case 4 puntos.




Relación Galicia-España

Galicia é novamente a quinta comunidade autónoma con maior número de empresas dedicadas a estas actividades, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

No 2024, Galicia mantén o **quinto lugar** da clasificación estatal no número de empresas do Hipersector TIC

Gráfico 4. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2024



Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas

Número de Empresas



Relación Galicia-España

O peso das empresas do
Hipersector TIC de
Galicia sobre o total
español é do 4,8%

Co cambio metodolóxico introducido polo INE en 2023 (non contabilizar empresas economicamente inactivas) descendeu a cantidade de empresas contabilizadas tanto en España como Galicia, especialmente no sector contidos.

Tras o descenso de 2023, tanto Galicia como España crecen en número de empresas e manteñen a proporción de empresas galegas sobre o total español no sector TIC (4,6%) e contidos (5,8%).

As empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia no 2024 supoñen o 4,8% do total de empresas dedicadas a estas actividades en España.

Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2020-2024

| ANO | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|--------------------|----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| | ESPAÑA | | | | |
| TIC | 66.682 | 66.801 | 70.287 | 66.977 | 69.216 |
| CONTIDOS | 18.282 | 18.027 | 18.948 | 17.209 | 17.553 |
| HIPERSECTOR | 84.964 | 84.828 | 89.235 | 84.186 | 86.769 |
| | GALICIA | | | | |
| TIC | 2.961 | 3.020 | 3.140 | 3.108 | 3.179 |
| CONTIDOS | 958 | 981 | 1.030 | 990 | 1010 |
| HIPERSECTOR | 3.919 | 4.001 | 4.170 | 4.098 | 4.189 |

Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Número de Empresas




Peso relativo do Hipersector TIC

Crece una décima o peso
das empresas do
Hipersector TIC no
tecido empresarial
galego en 2024,
representando **o 1,8%**
das empresas de Galicia

O peso do Hipersector TIC crece dentro do tecido empresarial galego, marcando un máximo en 2024, acadando o 1,8%.

Gráfico 5. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2020-2024



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020-2024

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Distribución provincial das Empresas do Hipersector TIC



Distribución provincial

O **45,9%** das empresas galegas do Hipersector TIC teñen a súa sede na provincia da **Coruña**


As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 79,4% da totalidade das empresas do Hipersector TIC con sede ou actividade en Galicia, aumentando 3 décimas sobre o ano anterior.

Crece o número de empresas do Hipersector TIC nas catro provincias, especialmente en A Coruña (+49) e Pontevedra (+35).

Mapa 1. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2020-2024

| A Coruña | |
|----------|-------|
| 2020 | 1.799 |
| 2021 | 1.835 |
| 2022 | 1.920 |
| 2023 | 1.872 |
| 2024 | 1.921 |

| Lugo | |
|------|-----|
| 2020 | 278 |
| 2021 | 287 |
| 2022 | 292 |
| 2023 | 283 |
| 2024 | 285 |



| Pontevedra | |
|------------|-------|
| 2020 | 1.333 |
| 2021 | 1.355 |
| 2022 | 1.405 |
| 2023 | 1.369 |
| 2024 | 1.404 |

| Ourense | |
|---------|-----|
| 2020 | 285 |
| 2021 | 285 |
| 2022 | 293 |
| 2023 | 296 |
| 2024 | 300 |

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020-2024

Distribución provincial das Empresas do sector TIC e Contidos



Distribución provincial

No sector contidos, A Coruña ten un liderazgo superior, con máis da metade das empresas de Galicia.

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente a ampla maioría das empresas do sector TIC, e máis aínda no sector contidos.


Arredor da terceira parte das empresas, tanto do sector TIC como de Contidos, teñen sede en Pontevedra.

No sector TIC, Ourense ocupa a terceira posición, e a cuarta no sector Contidos.


No sector contidos, máis da metade das empresas teñen sede na provincia de A Coruña.

Mapa 2. Empresas por provincia no sector TIC e Contidos en Galicia (%). Ano 2024

Sector TIC . Empresas 2024



Sector contidos . Empresas 2024



| | SECTOR TIC | SECTOR CONTIDOS |
|-----------------|--------------|-----------------|
| A Coruña | 1.402 | 519 |
| Lugo | 219 | 66 |
| Ourense | 238 | 62 |
| Pontevedra | 1.085 | 319 |
| Fóra de Galicia | 235 | 44 |
| Total | 3.179 | 1010 |


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2024

Condición Xurídica das Empresas

A forma xurídica societaria representa o 56,5% pero crece cada ano o peso das persoas físicas (autónomos/as) e acada xa o 43,5%




Gráfico 6. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020-2024

Tamaño das Empresas

Gráfico 7. Hipersector TIC en Galicia segundo tamaño da empresa



Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2024




O 80,5% das empresas do Hipersector TIC galego contan con 2 traballadores/as ou menos.

Mapa 3. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal*. 2024



Nas áreas macrocomarcais da **Coruña e Vigo** concéntrase o maior volume de empresas do **Hipersector TIC**



- Menos de 50 empresas
- De 50 a 99 empresas
- De 100 a 499 empresas
- 500 ou máis empresas


Táboa 5: Empresas do Hipersector TIC

| Áreas macrocomarcales | Empresas | Áreas macrocomarcales | Empresas |
|----------------------------|----------|---|-------------|
| Área da Coruña | 1042 | A Barbanza-Noia | 71 |
| Área de Vigo | 886 | Pontevedra nororiental | 56 |
| Área de Santiago | 506 | A Coruña suroriental | 47 |
| Área de Ourense | 199 | A Mariña | 46 |
| Área de Lugo | 184 | O Carballiño-O Ribeiro | 40 |
| Área de Pontevedra | 174 | Ourense Central | 37 |
| Ferrol, Eume e Ortegaleira | 164 | Lugo Sur | 31 |
| Caldas-O Salnés | 118 | Ourense Sur | 24 |
| Costa da Morte | 91 | Lugo oriental | 24 |
| O Morrazo | 90 | Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega | 279 |
| Pontevedra Sur | 80 | Total | 4189 |


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2024

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 4. Número de empresas do sector TIC segundo área macrocomarcal*. 2024



No subsector das TIC, as empresas concéntranse novamente no **Eixo Atlántico**. Destacan, especialmente, as áreas da **Coruña e Vigo**



- Menos de 50 empresas
- De 50 a 99 empresas
- De 100 a 499 empresas
- 500 ou máis empresas

Táboa 6: Empresas do Sector TIC

| Áreas macrocomarcales | Empresas | Áreas macrocomarcales | Empresas |
|-----------------------|----------|---|----------|
| Área da Coruña | 790 | A Barbanza-Noia | 48 |
| Área de Vigo | 701 | Pontevedra nororiental | 42 |
| Área de Santiago | 330 | A Coruña suroriental | 31 |
| Área de Ourense | 163 | O Carballiño-O Ribeiro | 31 |
| Área de Lugo | 141 | Ourense Central | 31 |
| Ferrol,Eume e Ortegal | 129 | A Mariña | 29 |
| Área de Pontevedra | 127 | Lugo Sur | 27 |
| Caldas-O Salnés | 81 | Lugo oriental | 22 |
| Costa da Morte | 74 | Ourense Sur | 13 |
| O Morrazo | 68 | Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega | 235 |
| Pontevedra Sur | 66 | Total | 3179 |


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2024

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 5. Número de empresas do sector Contidos segundo área macrocomarcal*. 2024



No subsector contidos, as empresas concéntranse na áreas da **Coruña, Vigo e tamén Santiago.**



- Menos de 20 empresas
- De 20 a 49 empresas
- De 50 a 99 empresas
- 100 ou máis empresas


Táboa 7: Empresas do Sector Contidos

| Áreas macrocomarcales | Empresas | Áreas macrocomarcales | Empresas |
|-----------------------|----------|---|----------|
| Área da Coruña | 252 | A Mariña | 17 |
| Área de Vigo | 185 | A Coruña suroriental | 16 |
| Área de Santiago | 176 | Pontevedra Sur | 14 |
| Área de Pontevedra | 47 | Pontevedra nororiental | 14 |
| Área de Lugo | 43 | Ourense Sur | 11 |
| Caldas-O Salnés | 37 | O Carballiño-O Ribeiro | 9 |
| Área de Ourense | 36 | Ourense Central | 6 |
| Ferrol,Eume e Ortegal | 35 | Lugo Sur | 4 |
| A Barbanza-Noia | 23 | Lugo oriental | 2 |
| O Morrazo | 22 | Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega | 44 |
| Costa da Morte | 17 | Total | 1010 |

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2024

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"


Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2024



24 concellos da provincia da Coruña contan con 10 ou máis empresas encadradas no Hipersector TIC (igual ca o ano anterior).


Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do Hipersector TIC na provincia ascendendo a **679 (+9)** empresas no concello da Coruña e **327 (-2)** no de Santiago de Compostela. O único concello que pasa a ter máis de 9 e non aparecía o ano anterior nesta lista é **Fene**.

Mapa 7. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Lugo. 2024




O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (150) do Hipersector TIC na provincia, seis menos que o ano anterior. Con 12 empresas, engádesse Ribadeo aos concellos que acadan as 10 empresas, que se completan con 12 en Monforte de Lemos, 16 en Sarria e 12 Viveiro.

Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Ourense. 2024



Na provincia destaca a cidade de **Ourense con 146 empresas** do Hipersector TIC (-6), seguida das 27 San Cibrao das Viñas (-1) e as 21 de O Carballiño (+4).

Mapa 9. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Pontevedra. 2024



Na provincia de Pontevedra hai **22 concellos** que superan as **10 empresas** do Hipersector TIC, un menos que o ano anterior. Destacan especialmente as **691 empresas de Vigo (+11)** e as **135 Pontevedra (+5)**.

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2024

Peso do Hipersector TIC na economía galega


O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 8,2% no último ano, ao crecer máis de 270 millóns. Con todo, mantén estable o seu peso relativo na economía galega, e queda no 2,94%, xa que o PIB galego tamén aumentou de forma paralela.

No sector TIC en 2023, o VEB achégase aos 2.000 millóns de euros. Tivo un crecemento do 9,6% no último ano, aumentando en máis de 170 millóns de euros. O sector contidos permanece estable, con case 2 millóns menos que o ano anterior.




O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego crece en máis de 270 millóns de euros . Aumenta o 8,2% no último ano.

Gráfico 8. Evolución do Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego (10 anos)



Fonte: IGE

Gráfico 9. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (6 anos)
Datos en miles de euros



Fonte: IGE. Datos en miles de euros; (p) provisional

2 EMPREGO


O número de persoas empregadas no Hipersector TIC incrementouse nun 2,5% no último ano.

No 2025, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 29.815, o que supón un crecemento do 2,5% dende o ano anterior.

A suba do emprego localízase tanto no sector TIC coma no dos contidos:

- O Sector Contidos conta actualmente con 5.822 traballadores/as, aumentando nun 3,4% no último ano (+190).
- O Sector TIC crece menos a nivel relativo (2,2%), acadando os 23.993 traballadores/as, pero sobe máis en termos absolutos, 526 máis que o ano anterior.

Gráfico 10. Número de empregados/as do Hipersector TIC en Galicia. 2021-2025



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021-2025

Emprego por provincias



A provincia da Coruña aglutina máis do **62%** dos traballadores/as do **Hipersector TIC** de Galicia.

A provincia da Coruña conta con 18.616 traballadores/as no Hipersector TIC e tamén é a provincia que máis crece en termos absolutos (+570). Pontevedra xera o 27,3% do emprego do Hipersector TIC en 2025.

A provincia que aglutina a maior parte dos traballadores/as TIC é A Coruña, acollendo ao 62,4% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. En termos relativos, A Coruña crece o 3,2% no último ano, pero é superada por Ourense, cun crecemento do 4%.

Dende 2020, A Coruña creceu o 31,1% e séguelle de lonxe Pontevedra, crecendo nun 18,7%.





Gráfico 11. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2020-2025) segundo provincias




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020-2025

Emprego por provincias

No **Sector TIC**, o emprego crece en todas as Provincias en 2025.


A Coruña segue sendo a provincia con máis emprego do sector TIC de Galicia (62%) e a que máis crece (+454). O 28,3% do emprego está na provincia de Pontevedra.

Gráfico 12. Evolución do emprego no Sector TIC (2020-2025) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020-2025

Gráfico 13 . Evolución do emprego no Sector Contidos (2020-2025) segundo provincias



No **Sector Contidos** o emprego crece nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra.

O 64,4% do emprego deste sector sitúase na provincia de A Coruña e o 23,4% en Pontevedra.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020-2025

Emprego por área de actividade



A actividade que máis emprego xera en 2025 é “Tecnoloxía da información e do servizo informativo”, con 766 empregados/as máis este ano.

Pasou en 5 anos de xerar o 49,7% ao 57,1% do emprego do Hipersector TIC.

A actividade económica que rexistrou un maior crecemento absoluto no emprego no **Sector TIC** foi novamente “Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo”, con 766 empregados/as máis que no 2024 cun crecemento do 4,7%.

O crecemento está concentrado nuns poucos subsectores. As do sector TIC:

- 620, Tecnoloxía da información e servizo informativo: +766
- 582, Publicacións TIC: +50

No sector contidos, os que máis crecen son:


- 591, Actividades cinematográficas, de vídeo e TV: +199
- 581, Edición de libros e xornais: +54

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>

- **MANUFACTUREIRAS TIC:** 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía da información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRÁFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISIÓN:** 5911.Actividades de produción cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 14. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR TIC. Anos 2023, 2024 e 2025



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023-2024-2025

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoiniditic.pdf>

- **CNAE 261, 262, 263 e 264:** MANUFACTUREIRAS TIC: 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **CNAE 465:** INDUSTRIAS COMERCIAIS: 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **CNAE 582:** ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC: 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **CNAE 611, 612, 613 e 619:** TELECOMUNICACIÓNIS: 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **CNAE 620:** ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO: 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **CNAE 631:** PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS: 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
